



BIBLIOTECA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2015



XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

**Xosé Filgueira
Valverde naceu o
28 de outubro de
1906 nunha casa
sita na Praza do
Peirao, en
Pontevedra.**



**Desde moi novo
manifestou
interese pola
cultura galega nas
súas diversas
manifestacións. De
feito, con só 17
anos, participou na
creación do
*Seminario de
Estudos Galegos*
(1923)**





**Licenciado en
Dereito pola
Universidade de
Santiago de
Compostela (USC)
en 1927, seguiría
ampliando
formación ó longo
da súa vida,
chegando a
doutorarse en
Filosofía e Letras
pola Universidade
de Zaragoza en
1936, e mesmo
diplomouse en
Psicoloxía pola USC
en 1959**

En 1933 obtivo a Cátedra de Literatura do Instituto de Ensino Medio de Pontevedra (hoxe o IES "Sánchez Cantón"). Ó pouco tempo exercerá como docente en Barcelona, Melilla e Lugo (onde casa, en 1938, con M^a Teresa Iglesias de Oscáriz, e con quen terá 5 fillos). En 1940 volta ó Instituto de Pontevedra, do que será Director desde 1946 ata a súa xubilación en 1976





De xeito paralelo á súa actividade docente, Filgueira dedicouse a labores de historiador, arqueólogo e antropólogo, orientados sempre á divulgación da cultura galega. Neste senso, participou, en 1927, na fundación do Museo Provincial de Pontevedra, do que chegaría a ser Director. Tamén dirixiu o Instituto Padre Sarmiento, a Casa-Museo de Rosalía, e presidiu o Consello da Cultura Galega. Igualmente, foi membro da Real Academia Galega

Filgueira Valverde tivo tamén militancia política. Foi membro do Partido Galeguista desde os seus inicios, mais abandonouno en 1935 para fundar, xunto con outros, Dereita Galeguista. Coa Guerra Civil, mantívose próximo ó bando franquista, e ocupou varios cargos públicos durante a Dictadura: foi alcalde de Pontevedra (de 1959 a 1968), e tamén Procurador en Cortes. Tras a restauración monárquica, e coa chegada da autonomía para Galicia, foi Conselleiro de Cultura no primeiro goberno de Xerardo Fernández Albor





Filgueira Valverde morreu en Pontevedra o 13 de setembro de 1996, con case 90 anos.


A súa elección como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015 non estivo exenta de controversia, pois foi criticada desde algúns eidos da cultura e da política galegas



Como escritor, tanto en galego como en castelán, domina nel a súa faceta de divulgador da cultura da nosa terra. Estas son algunhas das súas obras:


NARRATIVA:

***Os nenos* (1925), relatos breves máis tarde recollidos en *Quintana viva* (1971)**




LEXICOGRAFÍA:


***Vocabulario popular galego-castelán* (1926-28), en colaboración con outros autores**



ENSAIO:
*Estudios sobre lírica
medieval: traballos
dispersos (1925-1987)*



EDICIÓNS DE OBRAS:
*Cancioneiriño novo de
Compostela (1969)*



LETRAS GALEGAS 2015

Xosé Filgueira Valverde



AUTOR:

**Alfonso Blanco
(Coordinador do Equipo
de Biblioteca do IES
Fontexería de Muros)**

**Con información extraída
da Galipedia**

Blog: Andel Aberto